

INVITACIÓN - REGULAMENTO

REGATA DE ALEVÍNS E BENXAMÍNS

PONTESAMPAIO - PONTEVEDRA 12/06/2010

ORGANIZACIÓN

A organización desta competición de piragüismo corresponde ó Excmo. Concello de Pontevedra a través da Concellería de Dinamización Sociocultural e Deportes, coa colaboración na parte técnica do Clube Río Verdugo de Piragüismo.

COLABORAN

Federación Galega de Piragüismo e I.M.D. de Pontevedra.

LUGAR, FECHA E HORA

Praia da Xunqueira, Pontesampaio (Pontevedra). Sábado, 12/06/2010 a partir das 11:00 horas.

HORARIO DE SAIDAS

1ª Saída	11:00	K-1 Homes Benxamíns K-1 Mulleres Benxamíns
2ª Saída	11:30	K-1 Homes Alevíns B K-1 Mulleres Alevíns B
3ª Saída	12:00	K-1 Homes Alevíns A K-1 Mulleres Alevíns A

CATEGORÍAS

Alevíns Homes "A" e "B" (1999-1998)

Alevíns Mulleres "A" e "B" (1999-1998)

Benxamíns Homes e Mulleres (2000, 2001 ,.....)

Ningún deportista poderá participar nunha categoría que non se corresponda co seu ano de nacemento.

MODALIDADES

Kayakistas Homes: Alevíns "A" e "B" e Benxamíns

Kayakistas Mulleres: Alevíns "A" e "B" e Benxamíns

EMBARCACIONES

Todos os participantes utilizarán embarcacións de carácter individual, tipo K-1. Poderanse utilizar modelos de todo tipo, é decir, k-1, Mini-kayak, Kayak de turismo, etc.

Todas as embarcacións deberán levar os sistemas de flotabilidade establecidos nos regulamentos oficiais: compartimentos estancos ou corcho (ou similar) de 3 cm de grosor, 17 cm de alto y 60 cm de largo, como medidas mínimas.

INSCRIPCIONES

Poderán enviarse por correo electrónico á FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO (kayak-canoa@fegapi.org) ou ben por fax ao número 986-851 108, ou entregalas en persona nas oficinas da FGP.

Cada clube poderá inscribir o número de palistas que considere oportuno, por modalidade e categoría, sempre e cando cumbran a normativa do presente regulamento e a propia da F.G.P.

O PRAZO LÍMITE PARA A RECEPCIÓN DE INSCRIPCIONES SERÁ O LUNS, 7 DE XUÑO AS 15,00 HORAS.

INSCRIPCIONES DEFINITIVAS

Realizaranse na oficina da organización, próxima ó campo de regatas, ata as 10:15 horas.

Os dorsais dos participantes entregaranse ós clubes na oficina da organización unha vez formalizada a inscrición definitiva.

Por cada dorsal non devolto ou devolto con deterioro, o clube infractor será sancionado con 30 €.

EQUIPO ARBITRAL

O equipo arbitral e o Comité de Competición serán os que designe a F.G.P., de acordo cos seus regulamentos.

PARTICIPACIÓN, PUNTUACIONES E CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS

A participación está aberta a todos os clubs afiliados á F.G.P. ou a calquera outra federación de piragüismo. Todos os participantes deberán ter licencia federativa actualizada na presente tempada deportiva 2010.

Lémbrese que para a súa identificación, os deportistas deberán presentar o DNI ou licencia federativa ós xuíces-árbitros da competición.

Para a toma de puntos dependendo da categoría, establecece, a cada palista a seguinte puntuación:

*** ALEVINS A**

1º clasif. 125 + 5 puntos, 2º 124 + 3 puntos, 3º 123 + 1 punto, 4º 122, 5º 121, 6º

*** ALEVINS B**

1º clasif. 100 + 5 puntos, 2º 99 + 3 puntos, 3º 98 + 1 punto, 4º 97, 5º 96, 6º

*** BENXAMINS**

1º clasif. 50 + 5 puntos, 2º 49 + 3 puntos, 3º 48 + 1 punto, 4º 47, 5º 46, 6º

Se nunha modalidade non toman a saída 3 embarcacións de dous clubs distintos, esa modalidade non puntuará para a clasificación por equipos.

Para a clasificación final por equipos sumaranse as puntuacións de todos os palistas de cada clube, de acordo cos criterios establecidos nos apartados anteriores. O clube que máis puntos acade será o gañador da competición.

DISTANCIAS E TEMPOS DE CONTROL

Todas as categorías e modalidades darán unha volta a un circuito con ciabogas de aproximadamente 1.500m.

Para todas as modalidades e categorías haberá un peche de control de 6'.

PREMIOS E TROFEOS

Individuais: Medalla, placa ou trofeo ós 3 primeiros clasificados en cada categoría e modalidade.

Equipos: Trofeo ós 3 primeiros clasificados.

REGULAMENTOS E OUTRAS NORMAS

Para o que non conste na presente Invitación-Regulamento, esta regata rexerase polo regulamento da XV Copa de Galicia de Promoción e polo regulamento da XXIII COPA XUNTA DE GALICIA DE PIRAGÜISMO.

TODOS OS PARTICIPANTES COMPETIRÁN OBRIGATORIAMENTE CON CHALECO SALVAVIDAS.

INFORMACIÓN

Todos os participantes serán obsequiados pola organización cunha bolsa picnic.

No lugar da competición hai unha zona axardinada donde se pode comer.

Para máis información chamar ós telfs.: 669 455 451 (David Casal) ou 686 929 934 (Luis Conde).

Pontesampaio, 31 de maio de 2010

**FOLLA INSCRIPCIÓN REGATA
ALEVINS E BENXAMINS
PONTESAMPAIO-PONTEVEDRA- 12/06/2010**

INSCRIPCION DO CLUB _____

HOME ALEVIN A

Nombre y apellidos	Dni

HOME ALEVIN B

Nombre y apellidos	Dni

HOME BENXAMIN

Nombre y apellidos	Dni

MULLER BENXAMIN

Nombre y apellidos	Dni

MULLER ALEVIN A

Nombre y apellidos	Dni

MULLER ALEVIN B

Nombre y apellidos	Dni

_____ a ___ de _____ de 2010

(Firma e selo do club)